

## Ruta Pena Abaladoira-Fervenza Escouridal

Pasada a resaca do Nadal, un dos propósitos para arrancar o ano e subir a Serra do Xistral facer unha andaina. Salimos de Burela nunha mañá de inverno cara a Terras do Mariscal Pardo de Cela, imos inaugurar o curso cunha ruta no Concello de Alfoz, visitando dous lugares míticos camiñando da Pena Abaladoira ata Fervenza do Escouridal, que pasou de ser un gran descoñecido, a formar parte da programación de colectivos sendeiristas galegos e doutras comunidades. Parada obrigatoria a tomar café na Seara vixiados de cerca pola lenda e a torre do Castrodouro mansión do mítico Mariscal. Volvemos o bus, para dirixirmos subindo ata Serra do Xistral, esas cumes altas que separan a Mariña da Terra Chá. Na parroquia do Pereiro, na carretera que une o Valadouro con Abadín, baixamos do bus e somos recibidos por estes cumes totalmente adornados de parques eólicos, eses muiños de vento, con tremendas ás de ferro que nos van sacar da pobreza enerxética. Iniciamos a ruta acompañados dunha suave xistra (vento que dá nome a estes cumes), o día apunta maneiras, esperando que estes grandes ventiladores de Vestas disipen un pouco a neboa que atopamos, dirixímonos en fila cara a mítica Pena Abaladoira, sita uns 500 mts da carretera, xa esta despexando o ceo, non hai néboa, o que nos deleita cunha panorámica espectacular, como non para foto de grupo, tentar abalar a pena e mollarse ca auga das súas pozas por si quita verrugas e cura a reuma. A partir daqui faremos un pequeno tramo en descenso pegados o cercado acompañados de acivros e algún carballo dunha pequena fraga colindante. Despois de cruzar varios regatos que temos que saltar, entramos nunha zona medio chan de turbeiras de pastos orientándonos polos carreiros usados polos cabalos salvaxes, acabamos facendo unha fermosa estampa, larga ringleira multicolor serpenteando por esta Serra do Xistral, un paraxe fermoso e único, declarado espazo natural protexido pertencente a Rede Natura, onde este vento húmido e gelido rompe contra estas cumes altas deixandoa pelada de arboreas unicamente cuberta pola vexetación de turbeiras que absorben cantidade de auga e deixan neboas frecuentes.

Teremos que camiñar un par de metros polo asfalto ata chegar o panel informativo que nos sinalara o camiño a Fervenza de Escouridal e o Cruceiro da Caxigueira. Cruzaremos a carretera que sube a Guilfonso e colléremos polo camino que pasa pola Caxigueira para gozar das máis impresionantes vistas da Serra do Xistral, do monte Cadramon, e disfrutar das panorámicas sobre o Valadouro en incluso zonas da Mariña. O atoparnos co Cruceiro da Caxigueira colléremos a esquerda o enlace que nos leva a ruta da fervenza do Escouridal, despois dun descenso por pistas forestais collemos unha senda que discorre por tramos de pouca pendiente unha pequena camiñata para coñecer unha das fervenzas máis altas de Galicia no Río Guilfonso, afluente do Ouro. A fervenza do Escouridal é unha caída da auga nunha sucesión de pozas ou caldeiras como lles chama a xente, en rochas graníticas que en conxunto acadan uns 80 mts de altura que a fan máis espectacular sobre todo cando ten moita auga. Unha paraxe de momento a medio explotar, pois o impresionante sería facer unha ruta río arriba, paralela fervenza con miradoiros onde aparte da beleza das súas pozas, ofrece moitas posibilidades para deportes coma o barranquismo

Este itinerario ben sinalizado que une A Pena Abaladoira, que inspirou moitas lendas, coa fervenza, e un recorrido duns seis kilómetros, que se realiza a pie nunhas dúas horas.

Jacinto Rivas

Pasado

